

*A Casa Real dos Reis Magos de Oriente*



ESPAÑA	FRANQUEO PAGADO
	CARTAS



Servizo de Normalización Lingüística

**INS**



Nadal 2012

Benquerido/a amigo/a,

Os Reis Magos de Oriente queremos dar as grazas pola carta tan especial que nos enviaches e que nos serviu un ano máis para practicar o galego. Como ben sabes, nós somos moi amigos das case 7000 linguas que hai no noso planeta e gústanos que os nenos e as nenas nos escriban na da súa terra para usármolas todas.

Este ano as cartas de Ames foron un fermoso agasallo para as persoas que vos regalaron a lingua. Algún día, ti recibirás unha carta parecida dos rapaces e rapazas do futuro.

Porque isto dos idiomas éche coma unha roda, coma unha cadea... o idioma é un agasallo tan máxico que temos que volvelo regalar.... Si si, é coma se para poder seguir xogando co noso xoguete preferido tiveramos que compartilo con outros nenos e nenas.

E ti preguntaras, ¿se non podo tocalo..., como hei poder compartilo? Pois moi fácil: falando, lendo, pensando, cantando, xogando... Así non che pasará nunca o que lle aconteceu a Laura, a cativa da poesía de Séchu Sende que vos enviamos no marcapáxinas deste ano.

Esa poesía cóntanos como un día Laura perdeu as súas palabras e, aínda que as tiña ben preto, percorreu o mundo enteiro para encontralas. Ela non sabía que o truco para non perdelas é compartilas. Ti xa o sabes, agora só tes que poñelo en práctica na escola, no patio, na casa, no parque, no súper ou en calquera outro lugar.

Despedímonos xa, non sen antes dicirte que nos gustou moito poder falar contigo a través deste concurso. Pasaremos pola túa casa a noite de reis e faremos o posible por deixarche nos zapatos o que nos pediches porque sabemos que te portaches moi ben durante todo o ano e que mereces o mellor regalo que poidamos levarche. Se non está todo o que esperabas, non te poñas triste. Xa sabes que temos que repartir ilusións por todo o mundo.

Unha aperta moi grande e ata o ano que vén.

Melchor, Gaspar e Baltasar